

## Gran seguimento das cibermobilizacións e **ÉXITO SEN PRECEDENTES** da primeira xornada de **FOLGA** nas TIC



Acabamos de vivir unha **XORNADA HISTÓRICA** no sector. Esta foi a primeira folga que se materializa en consultoría e non podemos estar máis satisfeitos. **FOI TODO UN ÉXITO, PARABÉNS!**, isto é mérito voso.

Por outro lado, as cibermobilizacións supuxeron unha **auténtica dor de cabeza para a AEC** (Asociación de Empresas de Consultoría), patronal do sector, e os seus asociados, que viron como as súas redes sociais se saturaban con **MILES** de mencións, notificacións e preguntas cuestionando se mediran as consecuencias económicas, canto a conciliación, para a saúde ou de calidade de vida en xeral, que as súas propostas para o convenio ían provocar.

Grazas a iso, os clientes das grandes consultoras e asociados á AEC puideron constatar, con total seguridade, cales son as formulacións das empresas que lles prestan os seus servizos e, xa que logo, poderán deducir o impacto directo que estes poden provocar na calidade coa que se prestan (baixadas de rendemento por esgotamento, aumento de baixas médicas, alta rotación de persoal buscando unhas condicións dignas...).

Esperemos que a AEC se decatase de que estamos fartos de que precaricen as nosas condicións laborais e que isto sexa suficiente para que decidan cambiar a súa actitude e aposten por brindar un convenio acorde coa realidade do sector. De non ser así, isto será só o principio e teremos preparados os nosos abrigos para pasar todo o outono nas rúas, se for necesario.

### **ESTA VEZ VANNOS ESCOITAR**

Lembra que podes seguir contribuíndo a que retiren a súa proposta asinando esta petición en "Change.org" <https://bit.ly/NOPrecaryTIC>, apúntaste?

E non esquezas dar máxima difusión en redes sociais #ConvenioTICdigno #NoPrecaryTIC

**CCOO É O TEU SINDICATO, AGORA MÁIS CA NUNCA. [AFÍLIATE!](#)**